



# INFORMA

## MESA SECTORIAL DE XUSTIZA DO 17/1/2024

**NOVIDADES TRALA MESA SECTORIAL DO 17 DE XANEIRO DE 2024.**

### **HORARIO E CALENDARIO LABORAL NA XUSTIZA GALEGA**

- Como principal novidade debemos destacar que, a solicitude de SPJ-USO, tal como vimos solicitando insistentemente nos últimos anos, e fixemos novamente nesta negociación a DXX accedeu a que **PODEREMOS ACUMULAR OS DIAS DE ASUNTOS PARTICULARES ÓS 7 DÍAS SOLTOS DE VACACIÓNS DE DESFRUTE INDEPENDENTE.**

- **DIAS 24 e 31 de decembro:** O persoal de garda (permanencia e dispoñibilidade) os días 24 e/ou 31 de decembro terá sempre un día a maiores de asuntos particulares. Ademais se o 24 e 31 de decembro son sábado ou domingo tódolos traballadores teremos 2 días mais de asuntos particulares ese ano.

- A solicitude de SPJ-USO a flexibilización do horario fixo (plan concilia) para o suposto dos fillos menores amplíase ata os 18 anos (non sólo ata os 12 como ata agora).

- **IMPORTANTE:** SPJ-USO solicitou a ampliación ata as 20:00 horas da franxa horaria na que poder facer o horario flexible, e subsidiariamente que no horario de verán se poida traballar alomenos ata as 18:30 horas (actualmente sólo o podemos facer ata as 17:30). A DXX acolleu parcialmente a nosa solicitude, e **NO HORARIO DE INVERNO AMPLÍASE A FRANXA HORARIA NA QUE PODEREMOS FICHAR ATA AS 20.00 HORAS.** Valorarase ampliar a franxa horario no horario de verán, que de momento se mantén ata as 17.30 horas.

- SPJ-USO solicitou a creación dunha bolsa de horas en termos similares ó que tiñamos na xustiza galega en anos precedentes, onde o exceso de horas traballadas na parte flexible do horario se poidese compensar con ata 3 días de libranza ou para a redución da parte flexible mensual. **A DXX non acolleu a nosa solicitude.**

- SPJ-USO solicitou que os días de asuntos particulares e vacacións se poidan desfrutar tódolos anos ata o 28 (29) de febreiro, **non acollendo a DXX a nosa solicitude.**

SPJ-USO solicitou a ampliación do 1 de xuño a 30/9 do horario de verán para funcionarios con fillos menores ata 12 anos e con diversidade funcional conforme á normativa estatal. **A DXX manifesta que estudiará a nosa reivindicación.**

- SPJ-USO solicitou a ampliación da semana grande (5 horas diarias de traballo) á semana Santa, así como o periodo do nadal. A DXX non acolleu a nosa reivindicación.

- SPJ-USO solicitou a compensación con un día de asuntos particulares a maiores cando un festivo autonómico ou local coincida en sábado. A DXX non acolleu a nosa solicitude.

- SPJ-USO solicitou se concedese un día de descanso tralas gardas de dispoñibilidade, conforme á normativa europea de aplicación, ó que non accedeu a DXX.

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

**A CORUÑA:** Roberto 617685531 - Belén 622216341

**FERROL:** Manu 678514555

**SANTIAGO:** Manuel Tejada 654737422

**LUGO:** Rodrigo 605739886

**OURENSE:** Fran 660450226 – Alberto 657124727

**PONTEVEDRA:** Nilo 615496257

**VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994 – Sol 687939335

Mail [spjusogalicia@gmail.com](mailto:spjusogalicia@gmail.com)

Bloque <http://spjusogalicia.com>



# INFORMA

## PRÓXIMA APERTURA DOS GRADOS 1 E 2 DE CARREIRA PROFESIONAL

Tal como viñamos solicitando dende SPJ-USO nos últimos tempos, **próximamente procederáse á convocatoria da apertura dos GRADOS EXTRAORDINARIOS 1 E 2 para todo o persoal que por diferentes motivos non pudo acceder ós mesmos nas anteriores convocatorias de 2020 e 2022** e que na actualidade cumplan os requisitos esixidos dos que vos informaremos puntualmente.

**SPJ-USO solicitou as melloras das porcentaxes anuais, ofertándonos a administración un 33% o primeiro ano, 66% o segundo e 100 % do grao o terceiro ano; SPJ-USO solicitou se ampliasen a un 60/80/100 % as porcentaxes anuais** por equiparación coa anterior convocatoria, sendo a primeira forza sindical en defender a nosa postura por ser a maioritaria, e apoiando as demais organización sindicais a nosa solicitude. A administración non accedeu á nosa solicitude.

Igualmente **solicitamos unha vez mais unha apertura dinámica da traxectoria profesional, e subsidiariamente se proceda a unha apertura a data 31/12/23 e outra a 31/3/24 para incluír nesta nova convocatoria ós funcionarios da promoción de 2019 e ós que veñan a Galicia neste Concurso de Traslados.** A administración non accedeu á apertura dinámica por tratarse de grados extraordinarios, manifestándosenos que se negociará a dita apertura dinámica ó longo do 2024.

**IMPORTANTE:** Neste punto, a DXX ofrécenos a posibilidade de cerrar requisitos, méritos e efectos económicos en data 31/3/24 (en lugar de 31 de decembro) para incluír á maior parte posible de funcionarios, ó que SPJ-USO, tras valorar pros e contras, e como sindicato maioritario apoiou a dita posibilidade, apoio que foi secundado por algún outro sindicato.

**Bolsa de interinos médicos forenses:** SPJ-USO fixo as alegacións oportunas ó borrador inicial, moitas das cales foron acollidos pola Administración, y fixemos novamente alegacións a este último borrador elaboradas polos propios traballadores.

**Borrador de modificación das quendas do Rexistro Civil.** Neste apartado SPJ-USO solicitou a **actualización das cantidades a percibir polas quendas** cando menos co IPC dos últimos 5 anos, e **esiximos que se flexibilice o periodo de 6 meses das quendas** para os casos de concursos de traslados, etc.

**Modificación da RPT da nova oficina fiscal.** Neste apartado modifícase a RPT no sentido de **CREAR DUAS NOVAS PRAZAS DO CORPO DE TRAMITACIÓN na fiscalía de PONTEVEDRA** (suprímense na fiscalía de Cambados) e **CREAR UNHA PRAZA DE TRAMITACIÓN na fiscalía de OURENSE** (suprímense na fiscalía de Verín).

**Proposta de creación de prazas para 2024.** Neste apartado a DXX infórmanos que se crearán en 2024 **15 novas prazas en Galicia, 7 no Xulgado de nova creación Instancia 16 de A Coruña, e outras 8 por determinar (1 de Xestión, 6 de Tramitación e 1 Auxilio),** quedando as organización sindicais de remitir as nosas propostas antes do vindeiro martes.

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

**A CORUÑA:** Roberto 617685531 - Belén 622216341

**FERROL:** Manu 678514555

**SANTIAGO:** Manuel Tejada 654737422

**LUGO:** Rodrigo 605739886

**OURENSE:** Fran 660450226 – Alberto 657124727

**PONTEVEDRA:** Nilo 615496257

**VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994 – Sol 687939335

**Mail** [spjusogalicia@gmail.com](mailto:spjusogalicia@gmail.com)

**Bloque** <http://spjusogalicia.com>